

Sète, o cemiterio

Este artigo podería levar un subtítulo longo, deses que constitúen toda unha declaración de intencións e aforran seguir coa lectura se non interesa. Podería ser este: Sète, lugar de encontro literario entre Paul Valéry, poeta simbolista, e Florencio Delgado Guirriarán, traductor, poeta e exiliado; do cemiterio mariño ó campo de concentración.

Feita a declaración de intencións, imos aló.

En 1965 publicase na revista *Grial* a tradución feita por Salvador Lorenzana de *O cemiterio mariño*, un dos textos máis coñecidos da poesía francesa da primeira metade do século XX. A súa publicación cadraba cos vinte anos do pasamento do poeta de Sète, Paul Valéry. *Le cimetière marin* xa circulaba en diversas versións en castelán aquí e alén do Atlántico desde os anos 30, aínda que a máis coñecida nesta lingua era —aínda é— a de Jorge Guillén. Coi-daba o traductor, Fernández del Riego, que esta debía ser a primeira vez que se verguía o poema ó galego, por iso con ela —sobrentendiase— enchíase un oco na degoirada universalización da cultura galega. Sen embargo, algún tempo despois, desde Guadalaxara, México—isto é, desde o exilio— escribelle unha carta Florencio Delgado Guirriarán dando noticia de que existía unha tradución anterior, súa, publicada no agosto de 1952 nun xornal de Bos Aires. Desca carta consérvase copia no arquivo do poeta; dela reproducíase un anaco na biografía preparada por Ricardo Guirriarán. Alí apíntase un dato desconcertante: "... non é a primeira, no tempo, do poema de Valéry. Fíque para outros o labor de acrarar cal debe ocupar ise lugar, si a de Risco-López Cid, ou a miña" (1). O caso é que non del con esa tradución de Risco, que, de atoparse, sumariáase ás tres traducións que coñecemos do poema ó galego: a de Delgado Guirriarán, a de Fernández del Riego e mais unha posterior, se cadra hoxe a máis coñecida por se publicar en libro, de Avilés de Taramancos². Poida que Delgado Guirriarán falase de oídas, ou que se enganase, pero o reto que propón na nota fai pensar que el daba o dato por certo.

Visto o irresoluble do tema, reconduzo as miñas pescudas cara á intención que move esta tradución. Porque, ¿como é que un autor de versos combativos e civís se sente interesado por este poema que, avante a letre, se sitúa esteticamente na outra banda poética? Aventuro hipóteses.

Delgado Guirriarán é poeta civil obrigado polas circunstancias, pero, nin sequera nos textos máis panfletarios oculta a vontade de estilo de quen quere ser poeta e se dispón a afrontar un reto estético. De feito a súa poesía prebelica camiña polos roteiros do imaxinismo. Ademais, por volta dos anos 1949 e 1951, anos de verdadeira decepción entre os exiliados, desenvolve unha intensa actividade como traductor, que el explicará anos máis tarde como un exercicio para arrefreecer o seu "pobre" (sic) vocabulario galego. Así concorreu a un certame de tradución organizado pola Federación de Sociedade Galegas de Bos Aires co gallo do seu 25 aniversario, que pretendía contribuír deste xeito á normalización e universalización da cultura e da lingua galegas (recomendo a lectura do limiar do libro, unha interesante reflexión sobre a importancia da tradución)³. Pois ben, segundo as bases do concurso, debíase escolmar e traducir dez poetas franceses, ou ingleses, e resultaron gañadores do certame Plácido R. Castro, Lois Tobío Fernández e Delgado Guirriarán. A selección de textos e autores precisaría unha análise de seu feita con vagar para recompoñer os criterios que operaron en cada un dos tradutores, pero, no que toca a Delgado Guirriarán, a selección é, cando menos curiosa, con autores de diferentes épocas, estilos e sona. Loizo de ler os textos, dos que a miúdo fai versións libres que el califica de "alta traza poética", é doado concluir que neles agroman os intereses estéticos do poeta valdeorrés (musicalidade, imaxinismo... saudade, afastamento, idealización do territorio perdido, estilismo paisaxista...), por iso propoño que, da mesma maneira que acontece no Cunqueiro traductor, se vexan como unha prolongación dos seus intereses como creador. O poeta agóchase trala figura do traductor e fala apropiándose do texto doutro escritor—canónico, por certo, ou alomenos así considerado—.

Esta nosa proposta de lectura xorde, de feito, da súa propia práctica como traductor. Reparemos nun dato. Poucos anos despois de se publicaren estas versións, en 1951, *A Nosa Terra* prepara un número de homenaxe a Castelao cadrando co seu primeiro cabodano. Florencio Delgado Guirriarán é un dos

colaboradores, pero destrozando expectativas, non o fai como autor dunha elegía a unha figura senlleira do galeguismo que el tratou e admirou. Efectivamente, e que cabería agardar dun poeta neste caso sería escribir un texto elegíaco ex profeso, e máis cando se trata dun escritor ó que non lle pon medo a poesía de circunstancias (lémbranos que durante a guerra escribiu a diatriba "Franco. Franquijo, / pequerrechño"). Contra todo prognóstico, opta por lle adicar unha tradución. Trátase do famoso "¡Ouh Capitán! ¡Meu capitán!" de Walt Whitman, acompañada dunha nota abondo explicativa: "Versión de Florencio Manuel Delgado Guirriarán adicada, afervoadamente, a Castelao, Guieiro inmortado do galeguismo".

Diante dunha utilización tan explícita da tradución para vehicular o sentimento de perda do autor, parece máis que lícito ler a devandita selección de textos franceses como un poemario agochado no que a instancia lírica actúa como un ventrílocuo. Daquela, Delgado Guirriarán fala por boca dos poetas franceses para explicar poeticamente temas que lle son recorrentes: a soidade, a importancia do mar como mediador entre o territorio do exilio (México) e o territorio degoirado, a paisaxe deixada atrás... Territorios situados na fronteira entre o real e o imaxinado. Como xa dixen, todos os textos que traduce, coído eu, poderían ser asumidos polo Delgado Guirriarán poeta no exilio. Léase, senón, a versión de "Chanson romaine" de Hélène Vacaresco como un exemplo de poema sobre paisaxista e da saudade. Ou a do famoso "Brisse marine" de Mallarmé, titulado en galego "Vento mareiro", polo que, de camiño, o texto se envorta no estripeiro da tradición máis enxebre. ¡Xa ven, Mallarmé e Cabañillas por xunto no mesmo cribo! Se o reto era universalizar o galego... ¡proba conseguida!

Tirando do mesmo fío, chegase a *O cemiterio mariño*. A estas aluras xa non nos sorprenden nin o seu interese por este tipo de poesía francesa nin pola tradución. Agora ben, de seguir no mesmo camiño, de ler a tradución dentro da súa poética, ¿que é o que podería motivar a aproximación a este texto? A resposta máis doada, posiblemente a máis achegada á verdade, ten que ver coa proximidade estética. Pero, como a estas aluras xa aprendemos a desconfinar deste traductor-ventrílocuo, aventuramos aquí unha segunda lectura, sen ningún apoio documental pero algo de lóxica. En todo caso esta hipótese acabaría por pechar o periplo que leva do poeta civil ó traductor de poesía simbolista e, de novo, á literatura concienciada. Como é ben sabido, *O cemiterio mariño* sitúase en Sète, no sul de Francia, onde estaba un dos campos de concentración (chamado "hospital") para refuxiados da guerra civil española. Del xeito testemuño gráfico un escultor galego, Compostela, quen debuxou o edificio e mais algúns doentes que alí estaban (4). Sabemos que Delgado Guirriarán non pasou por ningún campo de concentración, porque el chegara a Francia con visado francés para axudar ós republicanos que atravesaran antes os Pirineos, o que lle permitía a libre circulación. Agora ben, ¿non podería ser que nesa escrita ventricular, por baixo da poesía cósmica e simbolista do *Cemiterio mariño*, se agochase unha non desvelada homenaxe ós represaliados e mortos republicanos e, por extensión, da República fanada pola que el loitara? Ou, cando menos onde di: *os mortos eixi ocultos, ben se atopan na terra / que les dá acocamento e o seu misterio enxoiu*. ¿Non será o exiliado naide o que fala por baixo da sinfonía lírica do poema de Valéry?

Non se pode afirmar con rotundidade, pero a súa práctica como traductor parece levarnos por estes roteiros, nos que caben aínda algunhas alancadas máis. En calquera caso Sète, o cemiterio, é o lugar de reunión do exiliado poeta-ventrílocuo Delgado Guirriarán con Valéry, nun momento de desesperanza, e da segunda derrota dos exiliados, que desde o afastamento asisten á consolidación do franquismo.

*¡Ergeuse o vento xal... ¡Cómpre tentar vivir!
Un ár imenso abala as follas do meu libro,
a onda en pó se afouta a xurdir dos rochedos
¡voade, miñas páxinas, todas deslumeadas!*

HELENA GONZÁLEZ

1 Vid. Ricardo Guirriarán, Florencio Delgado Guirriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e ga-

leguista. Sada: Ed. do Castro, 1999, p. 233.

2 A de Florencio Delgado Guirriarán publicouse en *Opinión Galega* (Bos Aires, núm. 135, VIII-1952) e reproducíase no núm. 23 de *Grial* (1969); a de Salvador Lorenzana está en no núm. 9 de *Grial* (1965); e, finalmente, a de Antón Avilés de Taramancos (A Coruña: Espiral Maior, 1994).

3 Castro, Plácido R.; Lois Tobío Fernández e F.M. Delgado Guirriarán, *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*. Bos Aires: Alborada, 1949.

4 Vázquez Arce, Carmen. "La herida abierta: los dibujos de guerra en Compostela. Sesenta años después", Os escritores do exilio republicano, ed. de L. Avellos e C. Portela. Ed. do Castro, 1999.